



## A Universidade a Distancia activa o periodo de matriculación nos seus centros

□ REDACCIÓN FERROL

O centro asociado da UNED da Coruña xa ten aberto o prazo de inscrición para todas as ensinanzas. A matriculación realizarase exclusivamente, como vén ocorrendo nos cursos anteriores, por internet na páxina web [www.acoruna.uned.es](http://www.acoruna.uned.es).

Para acceder aos estudos universitarios, os maiores de 25 e 45 anos terán que apuntarse até o 21 de outubro, ao igual que para cursar un dos 26 graos que compoñen a oferta este ano. As probas para os primeiros terán lugar do 2 ao 13 de febreiro de 2015.

No referido aos mestrados, os novos estudantes poden matricularse até o 13 de outubro e os dos anos anteriores, do 10 ao 21 dese mes. □